

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2009.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día vintetrés de decembro do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os D. José Antonio Bouza Rey, Dna. M^a. Angeles Diaz Prados, Dna. Gloria Fornos Bastida, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, Dna. Maria África Pérez Filgueiras, D. Ignacio Fernández Fernández, Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña Gómez Díaz, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. José Juan Roca Lorenzo. Asiste tamén Dna. Vanessa Garcia Barreiro, interventora municipal.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 23.11.09 E 27.11.09.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta que deseguido se relaciona:

- Sesión extraordinaria realizada o día 23.11.2009.

E o Pleno da Corporación, por 11 votos a favor (4 BNG, 2 PP, 3 PSOE, 1 EU-IU, 1 IPM), e a abstención de D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, por non ter asistido a dita sesión, acorda prestar a súa aprobación á acta que deseguido se relaciona:

- Sesión ordinaria realizada o día 27.11.2009

2.- ORDENANZA FISCAL N°21, REGULADORA DA TAXA URBANÍSTICA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS PARA O TRANSPORTE DE MERCANCÍAS E MATERIAIS

Sr. Alcalde: Ben este é un tema que ven de ditaminado de comisión entón como non está o concelleiro, en todo caso se hai algún grupo que quera intervir... perdón. Si Gloria, si queres explicar algo sobre o tema. Bueno, de todas formas dicir que creo que é unha ordenanza moi importante para o Concello de Mugardos, dado que sin ordenanza pois non podíamos actuar sobre os desmanes que ás veces os contratistas e promotores actúan sobre os predios públicos, que logo quedan sin... a cargo do Concello todo. Entón votos a favor. ¿eh?. Ah... si, si, si.

Sra. Díaz Otero (que traducido literalmente dí): Si un segundo. Nós imos a, a aclarar a modificación do noso voto con respecto a... á Comisión de Facenda. Na Comisión de Facenda bueno, durante todos os debates que lle correspondeu a Bouza como, como presidente. Eu creo que se rematou con Bouza como presidente da Comisión de Facenda. Fixéramos diferentes aportaciones, é certo que algunhas foron recollidas e outras non, na comisión onde se ditaminou nos abstiveramos. Pero neste intre imos a primar a súa implantación, e polo tanto ver o grao de execución e como se pode modificar se fora necesario, e polo tanto imos a votar a favor.

Sr. Alcalde: Gracias.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da comisión informativa de Facenda e Patrimonio, así como os informes da interventora municipal de datas 23 de abril e 10 de setembro de 2009, e do secretario municipal de data 15 de decembro de 2009, obrantes no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

1.- Aprobar provisionalmente a ordenación e imposición da ordenanza fiscal nº 21 reguladora da taxa urbanística polo aproveitamento especial de camiños e vías públicas municipais para o transporte de mercancías e materiais pesados, coa redacción que figura no expediente.

2.- Que se expoña ao público a efectos de reclamacións, durante o prazo de trinta días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, no suposto de que durante o indicado prazo non se presenten reclamacións.

3.- CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACIÓN DE A CORUÑA E O CONCELLO DE MUGARDOS PARA FINANCIAR O ABASTECIMENTO DE AUGA EN ALTA-CONCELLO DE MUGARDOS.-

Sr. Alcalde: Ben, bueno este é un tema que como ben sabedes, en base a un convenio que se xestionou coa Deputación pois e... se nos conceden 350.000 euros para poder fin... financiar tamén o que é a aportación do Concello para esta obra, que para este ano serían 460.000 euros, polo tanto 350.000 os aporta a Deputación. Algunha intervención sobre este punto.

Sra. Díaz Otero (que traducido literalmente dí): Bueno nós imos a anunciar primeiro o noso voto favorable sendo coñecedores da posición que tiñamos con respecto a... á obra. Pero unha vez que a obra está aceptada polo Pleno a nós, a nós pareceunos beneficioso para o conxunto do Concello de Mugardos que haxa unha aportación de Deputación e que polo tanto que se chegara a un acordo que limita mais a aportación municipal. Polo tanto sen entrar no obxecto da obra, nós imos a votar a favor do Convenio porque se supón que o Concello ten que facer menos esforzo fiscal e polo tanto saúdamos que este Convenio poda ser votado, supoño que favorablemente no Pleno, aínda que nós quedarían dúas dúbidas con respecto a eso, da lectura do Convenio. Unha, si existe porque vai vinculado creo entender, aos

orzamentos de Deputación do ano 2009, se hai algunha posibilidade de que se poda negociar un novo convenio para o ano 2010, se iso se contemplou dado que o Concello tería que facer a segunda anualidade tamén, disos catrocentos mil euros, isa sería a, a dubida que nós queda, sen que a afecte para nada á votación que imos a realizar agora claro.

Sr. Alcalde: Si, con respecto a iso, decir que efectivamente existe a posibilidade de que o próximo ano poida haber outra subven... outra aportación da Deputación para financiar esta obra, non está confirmada, claro está, porque iso se fai ano a ano, en base aos presupostos que ten a Deputación. Pero dicir tamén ao respecto que e... creo que foi o luns, tiven unha entrevista co Conselleiro de Medio Ambiente e Política Territorial, entre, entre outros temas faleille deste tema concretamente, de que para nós ia a ser bastante inviable poder financiar a, a parte que nos, que no seu día pois se... acordamos ¿non?. Non hai ningún convenio feito, con... coa Consellería senón que é un acordo en base a unha resolución da, de Augas de Galicia, e en todo caso o Conselleiro se se mostrou propicio para interesarse por este tema e haber se podía facer de que a aportación do Concello disminuira. Ben, votos a favor do Convenio.

Rematado o debate, sometese o asunto a votación e o Concello Pleno, tendo en conta o informe do secretario municipal de data 16 de decembro de 2009, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Mugar dos para financiar o “Abastecemento de Auga en Alta -Concello de Mugar dos-“.

4.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE MUGARDOS PARA SUFRAGAR OS GASTOS DE RESIDUOS VOLUMINOSOS.

Sr. Alcalde: Bueno, como sabedes este é un tema acordado entre a Fegamp e a Consellería onde en base á decisión da, de SOGAMA de non recibir mais os voluminosos por parte dos concellos. E en base tamén un pouco ao malestar de todos os concellos con respecto a esa decisión a Consellería habilitou unha partida para subvencionar, ou para sufragar un pouco a demasía que teñen que aportar os concellos para facer frente a, a este gasto. Non, non cumpre todas as expectativas que os concellos agardaban, por parte da aportación da Consellería, pero isto é o que se asinou coa Fegamp e polo tanto pois e... en base a este convenio de colaboración e... este ano, sería dende setembro ata o remate do ano, o Concello de Mugar dos vai a recibir 618 euros de aportación. Polo tanto o que temos que aprobar é iso. Para o ano non sei como vai a ser. Se hai palabras. Pilar podes...

Sra. Díaz Otero (que traducido literalmente dí): Si haber. Nós imos a anunciar o noso voto favorable un pouco a, a reganadentes, e me explico porque a reganadentes. Sen ter os cálculos probablemente axustados de todo, pero polos datos que temos, aproximadamente no

ano 2008 o Concello de Mugardos pagou 22.242,48 euros, por este concepto. Os cálculos que se fixeran unha vez que SOGAMA deixaba de recoller e polo tanto de tratalos, era que a factura subiría aproximadamente un tercio mais do que nos costaba. A aportación que ven no convenio son 618 euros, e isto non chega nin a 2,77% do custo que lle supón ao Concello de Mugardos. Polo tanto, nós nun intre de crise, saúdamos o convenio, que tamén todo hai que dicilo, por presión dos Concellos e por presión da Fegamp ante a postura reticente da Xunta de Galicia, pero eu creo que as institucións locais temos unha certa dignidade e que hai axudas que eu creo que son, ou convenios que son insultantes para a administración local. E neste caso eu creo que é unha destas. O que nos queda agora e mirar cara o 2010 e que polo tanto o convenio poda vir en mellores condicións, porque a Xunta de Galicia consignou nos seus orzamentos mais cartos facer estos convenios cos concellos de Galicia e polo tanto que asuma unha parte importante porque senón, eu creo que no 2010 tanto a Fegamp como os concellos de Galicia, ao mellor temos que reconsiderar a posición en torno a estos convenios, que xa digo, son bastante leoninos, para os concellos.

Sr. Alcalde: Si Juan.

Sr. Fernández Ameneiro: Bon día. Ben, o convenio que hoxe imos a asinar aquí, así a grandes rasgos, ven a dicir que o tratamento de residuos voluminosos que antes facíase en SOGAMA, agora os concellos teñen que buscarse a vida como poidan para o, o reciclaxe de estos residuos. Cos custes que isto implica e que por suposto que non estaba tido, contemplado polos concellos. E, a subvención que hoxe nos traen aquí, é de 618 euros, creo entender por catro meses ¿non?, dende o 1 de setembro ata o 31 de decembro o que implicaría aproximadamente unhos mil oitocentos euros por ano, cantidade que, que como ben dicía a compañeira Pilar, a nós parecenos totalmente ridícula, e... tendo en conta que ao Concello de Mugardos custalle o, o tratamento de estos residuos aproximadamente unhos vinte mil ou vintedous mil euros, e bueno, eu creo que aínda que soio sexa por dignidade o Partido Socialista se vai a abster.

Sr. Alcalde: Gracias, mais palabras.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido literalmente dí): Bueno, imos a ver. Falase de dignidade, falase de moitas cousas. A nós tampouco nos gusta o convenio, temolo que dicir, non somos mais papistas que o Papa eu creo que a Xunta se trabuca. E o digo así claramente, e nós estamos eiquí para defender os intereses de Mugardos, e despois outros. Pero fundamentalmente os deste concello. E nós cremos que a cantidade é pequena, tamén é verdade que a cantidade presupostada que había non chega para nada, os cartos que quedan na caixa da Xunta de Galicia non serve para facer filigranas nin para facer grandes alardes de nada, pero cando un fai reflexión sobre os erros dos demais eu creo que falar de ridiculeces sobre estas cousas eu creo que o Partido Socialista debería de... nós deberíamos de estar calados pero o Partido Socialista sobre todo tamén porque foi o que causou isto. Eu quero recordar que foi a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta anterior a que implantou este sistema, que por certo, deixou unhos presupostos, non deixou partidas consignadas para axudar aos concellos. Polo tanto, home, se nós asumimos esa responsabilidade, home polo menos non a critiquen. Esten en silencio e asuman que hai un

erro. Nós asumimos a parte que nos corresponde, e asumimos que a Xunta tería que buscar unha solución diferente. Pero tamén é verdade que non a propiciou él, a actual, a propiciou a sainte. E polo tanto a sainte era a que tiña que dar polo menos a solución aos concellos. Non foi así, e polo tanto dentro desa reflexión, bueno cada un que faga a súa e... resumo. De tódolos xeitos insisto, esperemos que nos novos orzamentos isto troque dalgún xeito e se articulen medidas novas, pero certo é, que con 618 euros multiplicados polo que sexa non é unha cantidade para afrontar os gastos municipais. Pero insisto en que... miraremos, tentaremos que estas medidas se aumenten, e... bueno e eu creo que de todos é bo, pois rectificar as medidas que se podan facer, e nós defenderemos os intereses do Concello de Mugaros. Polo tanto non teño mais que engadir, creo que simplemente recoñecer que as cousas se poden mellorar pero cada un e... é responsable do que fai e do que dí, e polo tanto eu creo que non ten moito mais que dicir esta cuestión, entón e... voume a calar.

Sr. Alcalde: Bueno e... ten a palabra Fariña.

Sr. Fariña Doval (que traducido literalmente dí): Si eu tamén moi brevemente. Primeiro dicir que seguramente nos derradeiros tempos, ao menos é a miña percepción, en política non prevalece o tema dos votos, é a miña opinión. De tódolos xeitos eu creo que sería conveniente neste caso, levarnos polo instinto, e o instinto a min, como me parece que a todos os que estamos falando eiquí, era mellor votar non. Eu son consciente de que isto é un desexo e que seguramente non é eficaz. Como todos dixeron, parece ser, van a votar favorablemente, eu tamén. Por iso eu voto en falla, voto en falla unha postura dos partidos a nivel xeral, ou da Fegamp, ou no seu defecto, neste caso bastante mais, porque se traballou conxuntamente, da Mancomunidade. Dado que isto non se da, espero, e esperando que no 2010 mellore de forma sustancial a cuestión económica deste convenio, eu vou a votar que si. E... pero... porque votar que non sería quedar como a banda do Capitán Trueno, exclusivamente Mugaros, e podería ter repercusións económicas negativas para outras cuestións que o Alcalde ou a Corporación no seu conxunto pode ou debe negociar coa Xunta de Galicia. Polo tanto, resumindo, o meu sentimento sería votar non, pero creo que a eficacia deste tipo de cousas e experiencia dicenme que dado que somos, ou poideramos ser os únicos ou moi poucos, vou trocar o que sería o meu desexo polo eficacia e entón votarei que si.

Sr. Alcalde: Gracias Fariña. En todo caso na miña opinión como Alcalde, quero dicir que hai que felicitar neste caso á Fegamp, non polo conseguido concretamente, senón no obxectivo do fondo que se persigue con este convenio. E eu creo que... a forza que fixemos os concellos e a Fegamp, foi que a propia Xunta recoñecera os agravios que se lles facía aos concellos con esta medida. E polo tanto, a sinatura deste convenio o que fai, é abrir a porta para que o próximo convenio pois sexa mellor que este que, que imos a aprobar hoxe. Porque considero que o obxectivo deste que traemos hoxe eiquí, é que abra a porta para que nun futuro poda haber en... un convenio con outras condicións económicas mais favorables para os concellos.

Sr. Fariña Doval (que traducido literalmente dí): Si, mira Alcalde. So un matiz, nada mais. Eu non critico á Fegamp pola negociación que fixo, nin moito menos, eu creo que o obxectivo é o convenio, pero a parte económica é algo que a Fegamp tampouco quitou

conclusiones. Facendo un simil, é igual que estas obras que todos criticamos cando aparecen en orzamentos xerais do Estado, aparece un euro para, para unha obra do tren de alta velocidade para Galicia. ¿Eh?. E o futuro... claro e bo que apareza, pero aparece un euro. No futuro empeza a marcar pautas, pero de tódolos xeitos todos criticamos esa cuestión. E neste a Fegamp, perfectamente negociou, a Xunta por razóns que eu non entendo, quita, accede ao convenio co cal é a parte positiva, pero economicamente eu non vin nin ao Bloque, nin ao PSOE, nin ao PP obviamente, nin a ninguén como conxunto, decir que economicamente isto non vale para nada. E fundamentalmente a Fegamp ou a Mancomunidade. Isa é a miña crítica, nada mais. Non polo feito de que a Fegamp o fixera en principio ben, pois claro.

Sr. Alcalde: Non, xa digo, a parte económica evidentemente nadie está de acordo con ela. Pero efectivamente, eu descoñezo como están os orzamentos da, da, da Xunta, naquel momento o diñeiro do que podía dispoñer. Me imaxino que na negociación cando a Fegamp accedeu a, a asinar un convenio, aínda recoñecendo de que efectivamente economicamente non soluciona nada. Pero bueno, creo que abre a porta para, para que o próximo convenio pois veña en mellores condicións, ou que polo menos, ou que polo menos a Xunta o teña en conta nos próximos orzamentos. Imaxino que o tería. En todo caso sometemos a votación o convenio.

Rematado o debate, sometese o asunto a votación e o Concello Pleno, tendo en conta o informe do secretario municipal de data 16 de decembro de 2009, obrante no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques do día 5 de decembro de 2009, por 9 votos a favor (4 BNG, 3 PP, 1 EU-IU, 1 IPM) e 3 abstencións (3 PSOE), acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de Colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Mugaros para “Sufragar os gastos de Residuos Voluminosos”.

5.-DAR CONTA DOS ESCRITOS DE CONDOLENCIA E REPULSA ENVIADOS CON MOTIVOS DOS ASASINATOS POLA VIOLENCIA DE XÉNERO.

O Pleno da Corporación dáse por informado das condolencias enviadas aos Concellos onde se teñen producido mortes como consecuencia da violencia de xénero, segundo a relación que figura no expediente, á que se deu lectura pola concelleira de Benestar, igualdade, sanidade, mocidade, ensino e política lingüística Dña. Ángeles Díaz Prados, así como das peticións aos Concellos para que lle fagan chegar o pésame ás familias das vítimas e da repulsa deste Concello á violencia de xénero.

11.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM 825/2009 a 893/2009.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da Alcaldía núm. 825/2009 á 893/2009, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

Sr. Alcalde: Ben, antes de entrar no punto de rogos e preguntas, non sei si recibichedes xa unha invitación ou unha tal para o día 28. E o día dos Santos Inocentes, pero non creo que sexa ningunha inocentada. Entón o... aínda que a hora non é unha hora moi prudente, que sería de unha e media a dúas, que ao mellor cheguo ás dúas, eu pediría a todos os concelleiros e concelleiras que estivesedes aquí, para recibir a, a Diego Calvo, o Delegado Territorial, e que é o momento de que todos e todas poidamos e, e, polo menos exprimírnos o...

Sr. Fariña Doval (que traducido literalmente dí): O vou a dicir con claridade o que ti... Primerio agradezoche a invitación pero non vou a asistir. Declino ese tema. Primeiro, eu non estou para pantomimas, eu non... xa levo anos en política. Eu para chistes vexo o teatro ou vexo cómicos, ¿eh?. Eu para outra cousa non. Que veña quen veña, a traballar, a facer algo por Mugardos, e no momento que hai que facelo, non a cubrir expedientes. Nada mais.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde: Fariña, ti levantaches a man.

Sr. Fariña Doval (que traducido literalmente dí): non, non.

Sr. Alcalde: Haber, por si me equivoquei. Pilar, Juan Domingo, Varela... ben, Pilar.

Sra. Díaz Otero (que traducido literalmente dí): Vale bueno, vou comezar polo do día 28. Eu faría un rogo, xa sei que vai moi apurado polas datas que temos, pero que en todo caso aínda que sexa de xeito informal, os voceiros dos grupos nos podamos ver antes para definir ao mellor que temas que, queremos pornos de acordo o conxunto da corporación para trasladarlle como prioritarios, o digo para non chegar cada un dos grupos cunha retaila, e polo tanto ao mellor non cumprir a expectativa da presenza do Delegado da Xunta na Coruña. Bueno, e agora cos que tiña preparado. Bueno, un rogo para, para o Alcalde, e neste caso, e é que unha vez que na cuestión do pintado da Avenida do Seixo vai por bo camiño, dado que están actuando no día de hoxe, incluso sacando o pintado, a nós gustaríanos que retomáramos, así o presentamos algunha vez ao longo deste ano, non foi viable, e non vou a entrar nas razóns de porqué, unha... vou a facer a mesma proposta que estaba especificada alí, unha comisión específica e sen remuneración para dar e... un impulso político ás negociacións entre comillas que diferentes corporacións, diferentes grupos de goberno levaron durante estes anos para a ampliación da rampa do Seixo. Eu creo que para darlle continuidade a ese tema sería positivo que redobláramos a iniciativa política do conxunto dos grupos municipais, nun tema no creo que estamos absolutamente todos, todos de acordo. O segundo é para o Alcalde tamén, é un rogo haber si é posible que dende a Alcaldía, o digo porque non está o Presidente

da Comisión de Obras, senón llo faría a él, sobre as variacións de traxecto que sofre o autobús que comunica Ferrol con Mugarodos, polos perxuízos que eu creo que está causando coa modificación que se está a levar a diante nestes días e que parece que vai a ter a súa continuidade. Haber si podemos ter unha información clara sobre ese tema dado que está impedindo que xente que ten turno partido á hora de traballar poida vir a comer ao seu domicilio. E é que o bus que sae á unha de Ferrol, non ven Ferrol-Mugarodos, no seu mesmo traxecto, senón que está indo polo Polígono da Gándara, Alcampo non sei que... bueno, co cal está a chegar ás dúas da tarde e impide tamén que podan voltar nun bus para iniciar a súa segunda parte da súa xornada de traballo. En todo caso, se nos podemos enterar exactamente, e se isa modificación de traxecto foi aprobada pola Dirección Xeral de Transportes da Xunta que creo que é a quen lle compete. E... a terceira é para o Alcalde, e é tamén unha pregunta. ¿Cal é o coñecemento que temos nós como Concello, se temos algún, do proxecto elaborado pola anterior Consellería de Política Territorial, creo que nos dous mil oito polas informacións que saían na prensa, sobre o arranxo integral da estrada que une Franza-Ares, se temos algunha, e se temos algún coñecemento tamén sobre os posibles recortes que sufriría o proxecto pola actual Consellería. O digo porque hai un tramo importante que é... que pertence ao termo municipal de Mugarodos, e polas informacións que saíron na prensa estos días e... referentes ao Concello que tamén comparte parte desa estrada. Este é para o Presidente da Comisión de Cultura e Deportes, e é que nas resolucións do Pleno aparece unha Resolución da Alcaldía que é a 860/2009, que é referente ás subvencións a entidades. Eu creo que, ou nós lle rogaríamos que tivera unha posición clara. Porque o que non se pode é levar á comisión a petición de solicitudes, hablar da reforma das bases, e despois sen coñecemento algún da comisión, facelo por Resolución da Alcaldía. Ou os grupos municipais participamos ou non participamos, pero o que non podemos é quedar ao medio do camiño. En todo caso, creo que hai variacións substanciais con respecto ás concedidas o ano anterior, e polo tanto lle rogaríamos que o levase á seguinte comisión de cultura para que se nos poda explicar o porque destas cantidades e as variacións que sufriron cada unha das entidades con respecto ao ano pasado. Iso é extensible á presidenta da Comisión de Educación, dado que a Resolución 830/2009 se fixo o mesmo coas ANPAS, sen coñecemento previo da comisión, e dado que as dúas resolucións da Alcaldía son unha tendo en conta a proposta do concelleiro de Cultura e Deportes, e outra da concelleira de Educación. A seguinte é para o Presidente da Comisión de Cultura e Deportes tamén, en función dos datos obtidos onte, sobre a posibilidade de habilitar temporalmente, ou que o concello xestione temporalmente unha saída para a habilitación do ximnasio do Clube do Mar, para que axilice as xestións con Portos, para que iso poda ser posible. A seguinte xa... so me quedan dúas ¿eh?, e... esta perdón é para o Alcalde, e é que a... é un rogo, na Resolución da Alcaldía 832 aparece reflectico unhas facturas de Telefónica, con referencia ao consultorio de O Seixo, do mes de novembro, e a Telefónica do Centro de Saúde do mes de novembro. Dado que xa o plantexamos varias veces á presidenta da Comisión de Sanidade, e non obtivemos moita resposta, pois llo trasladamos ao Alcalde. E é que verifique se o Sergas está a pagar as liñas telefónicas tanto do Consultorio do Seixo, como do Centro de Saúde de Mugarodos, dado que a información que temos nós é que si, e se podería a estar a dar a casualidade, que non o sabemos, de que se estén a pagar dobremente, unha parte polo Sergas e outra parte polo Concello. Polo tanto se é posible que se aclare esta, esta cuestión. E a derradeira para o Presidente da Comisión de Urbanismo e é que a Resolución da Alcaldía 880 do 2009, hai unha renovación ou unha ampliación onde o contrato

da prestación do servizo de Asistencia Técnica e da Xestión Administrativa da Oficina de Rehabilitación. Bueno, pois un pouco igual que o anterior, fai bastantes meses xa, na Comisión de Urbanismo a raíz dun debate sobre as contratacións na Oficina de Rehabilitación, trouxosenos unha proposta de bases, o certo é que o debate non se impulsou novamente, quedou aí, e polo tanto esta Resolución da Alcaldía, que supoño que é como consecuencia de que non houbera unhas bases en tempo e forma e que polo tanto non cesase o traballo da Oficina de Rehabilitación, pero no derradeiro punto pon que antes do quince de febreiro do 2010 o Alcalde solicita o informe tal. Nós o que lle solicitamos é que as bases, xa que as trouxo unha vez a comisión fai meses, con unha certa axilidade se podan traer á comisión e polo tanto se poda participar no debate das bases.

Sr. Alcalde: Gracias. Juan Domingo.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido literalmente dí): Bueno, despois de esta batería de Izquierda Unida xa... hai algunhas delas que ia a realizar eu, pero xa están formuladas, e so vou a facer unha delas, bueno, dúas delas. Imos a ver, en primeiro lugar é para o Alcalde, a Resolución 836 do 25 de novembro, sobre un contencioso administrativo na que un procedemento ordinario interposto por Saganribes S.L contra a Resolución da Alcaldía etc, etc. Nós pediríamos e... e xa rematando o ano que se fixera, que se nós dera pois unha relación dos contenciosos nos que está actualmente o Concello de Mugardos, o estado no que están, e o estado no que remataron algúns deles. Creo lembrar que son bastantes os que, os que hai pendentes, e polo tanto quereríamos saber en primeiro lugar cales se remataron, cales están aínda en procedemento e o custo de avogados de todos eles. Eu creo que sería bo, e sobre todo o resultado de cada un deles, por si temos que trocar de avogado. Ou por si temos que ollar a eficacia deles. En todo caso quereríamos que se nos pasara a tódolos grupos unha relación dese tema. Bueno, outra pregunta é para o concelleiro de urbanismo, bueno en primeiro lugar, e ven como consecuencia dun novo derrumbe na Rúa Catro Ventos nº36, caeuse unha balconada en vía pública, afortunadamente ninguén, ninguén pasou por alí nese intre, pero existe... pois a verdade é... un derrumbe bastante importante. O digo, non o digo polo feito en si, que é un feito que independentemente que se vai facendo fai tempo, hai a verdade, é que hai edificios no casco que están nunhas condicións deplorables. Nós xa plantexamos que xa hai uns estudos previos acerca de... do catálogo de vivendas en estados lamentables, e solicitamos que se comece a traballar sobre e... bueno... o estado para facer prioridades sobre aqueles nos que hai que poñer as pilas aos propietarios para que ao menos se non os rehabilitan porque non poden, que non sexan un perigo para os demais. Eu creo que nese senso hai que traballar urxentemente porque o inverno ven como ven, e Mugardos ten un casco antigo moi deteriorado e certo é, que hai algunhas vivendas que poden aguantar, pero hai outras que non o van a facer, e todos sabemos que non o van a facer. Polo tanto xa o solicitamos que se priorice nos edificios nos que haxa que facer unha revisión, temos agora mesmo tres técnicos neste Concello, e haberá intres nos que non den feito, e outros nos que non teñan nada que facer, entón eu rogaría que se poñan a traballar nese tema. E outra cuestión tamén para o concelleiro de urbanismo é si é posible establecer un calendario de traballos sobre a redacción do novo Plan de Urbanismo ou da revisión, ou do que sexa, porque non se sabe moi ben o que vai a ser aínda. Porque eu creo que estamos un pouco a cegas do que fai o equipo redactor. E quen marca as pautas, é o equipo redactor en todo caso, parece-me

moi ben que fagan o análise pero eu creo que tamen debemos os grupos de ter unha información aínda mais actualizada. E polo tanto eu creo que debería de haber pois un calendario para establecer prioridades en certas medidas. Pois, pois en canto sexa.... A manter uns criterios para ir establecendo pois un debate político que nos vai a levar tempo falalo. Pero eu creo que hai moito do que falar, sobre o urbanismo neste, neste concello. Polo tanto eu creo que o debate nunca sobra. Independemente de que o grupo redactor pois vaia facendo o seu traballo e eu creo que debemos estar informados sobre esa cuestión. E nada mais, non teño mais que engadir.

Sr. Alcalde: Ben, gracias Juan Domingo. Varela.

Sr. Varela Deibe: Eu soamente un rogo. Un rogo que ven como consecuencia dunhas queixas veciñais dos que viven en Bello Piñeiro. Porque a consecuencia das obras os accesos ás vivendas están bastante mal. Entón eu rogaría que se inste á empresa a que solucione o... este problema, porque eu pasei por alí e o comprobei efectivamente, entre o fundimento a consecuencia da plantación de árbores, porque entrou a auga por alí, e entre a, a canalización onde están metendo a tubería, aquilo pois está bastante fastidiado. Incluso o panadeiro ten problemas para aparcar cando trae o pan para as vivendas. Esperemos que... parece ser que a obra está parada de momento. Eu pasei por alí e non había nadie traballando.

Sr. Alcalde: bueno, pero haber.

Sr. Varela Deibe: Está todo.

Sr. Alcalde: A obra, a obra non está parada.

Sr. Varela Deibe: Bueno, parada temporalmente, ao mellor. Non quere dicir que esté parada definitivamente.

Sr. Alcalde: Bueno haber, e... no tema das obras evidentemente a situación que temos en Mugardos hoxe en día pois é... é bastante fastidiada ¿non?. Debido ás obras. Todas as obras ao final pois e... no momento en que se realizan pois teñen unhas problemas que é imposible abrir e asfaltarse xa no momento, porque ningunha empresa que fai kilómetros de... de canalizacións, non vai a asfaltar 50 metros para, para... pero bueno. En todo caso, a parte diso, o tempo tampouco axudou nada, e con todo iso, efectivamente os accesos ás vivendas pois teñen que estar en condicións de que poidan pasar. En todo caso pois ese rogo se transmitirá á empresa para que... Bueno eu antes de... de levantar a sesión... Ah, queres contestar.

Sr. Bouza Rey: Bueno bo día. Eu como teño varias preguntas e varios rogos, pois me gustaría contestar aos que poida neste momento ¿non?. Bueno, con respecto ás, ás de urbanismo, a de Pilar concretamente, da prórroga do técnico de rehabilitación, efectivamente se pasou por comisión, está en proceso de facer a selección do técnico, e sería unha irresponsabilidade deste equipo de goberno, pois deixar a Oficina de Rehabilitación sen o técnico correspondente. Entón pois vimos ben facer unha prórroga de tres meses e que nesas

tres meses pois téñamos en disposición xa con todas as, as bases que xa si se faloron en comisión, e incluso se dicía de que se colleran as da contratación da anterior técnica que estaba, así se fixo, está en secretaría e está en proceso de contratación. Co tema de cultura, das subvencións, tamén eu nada mais aterrizar na, na presidencia da Comisión de Cultura e Deportes, me parecía lóxico e normal, e pois bueno, teremos a nosa parte de responsabilidade o, o BNG que levamos pois uns anos no... gobernando o Concello, pero si votaba de menos, ou votabamos de menos por unanimidade nesa comisión de ter unhas bases para o reparto das subvencións. Iso será para o próximo ano, se presentarán as bases, e esta resolución que se fixo este ano que era que dicía Pilar o número... bueno, o que, o que dixo ela, pois se fixo levando o que, o que na historia da democracia neste se estaba facendo co das subvencións. Pode, pode ser equivocadamente ou non, tampouco teño problemas en levalos á comisión e miralas, e bueno, co tema de urbanismo recordarlle ao Partido Popular que nestes dous anos que estou ao fronte da Comisión de Urbanismo se fixeron dez actuacións en edificios ruinosos. En algunha delas, derrumbe total das vivendas, e noutras asegurando nunca mellor dito a seguridade dos propios peóns que poden pasar polas rúas. Se fixeron dez actuacións, posiblemente nesa que se está a referir, está aberto o expediente como están aberto cinco ou seis, que eu creo que os levei á comisión, todos os que estaban abertos, pero a administración moitas veces é así de lenta e, pois estará en proceso de, de facer o mesmo que se fixeron coas anteriores dez actuacións. E co tema do plan, nós tivemos unha reunión todos os portavoces, onde asistiu tamén o Alcalde presidindo aquela reunión, onde eles nos marcaron unhas pautas, esas pautas se están cumprindo, están traballando, e unha vez de que as bases estean asentadas, eu me imaxino a primeiros de ano e despois das vacacións pois teremos unha reunión con eles e mirar por onde ven eles, porque o plan, se queremos que sexa un plan onde mellore o actual e recolla todas as inxerencias que estamos vendo na, na Comisión de Urbanismo, dos erros que ten este, pois eu penso que non ten que ser unha, unha cousa de corre ve y dile, ter o plan, porque isto vai para, para, eu creo para, para un par de anos como mínimo. E eu do, do, do outro pois xa non teño... nas comisións correspondentes se debatirá todo isto que se dixo eiquí, pero había algunhas cousas que bueno que, que si, xa pasaron por comisión e se sabe perfectamente en que situación está cada, cada obra da que se refería.

Sr. Alcalde: Ben, antes de levantar a sesión, como estamos no mes de decembro, antes de nada pois e... pois desexarlle a, a todos os membros e compoñentes da, da corporación, desexarlles un bo nadal, unha feliz navidade, e un bo, un bo ano novo 2010. De todas formas quixera recordar, porque non quero que se esqueza, que hoxe tamén se cumpren dous anos da... bochornoso e lamentable incidente que ocorreu aquí en Mugar dos coa operación Virgin, e dicirvos que non quero que se olvide. Se levanta a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e vinte minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE,